

Estudar Música

Estas ensinanzas poden ser:

- REGRADAS: estúdanse en Conservatorios de Música e Centros Autorizados de Música (obtense un título con validez académica e profesional).
- NON REGRADAS: estúdanse en Escolas de Música (obtense un certificado).

Estrutúranse en:

- **Ensinanzas de Grao Elemental:** A idade mínima de acceso son os 8 anos. Comprenden 4 cursos académicos. Os criterios de admisión os establece cada centro, e normalmente atende ás aptitudes musicais dos interesados.
- **Ensinanzas de Grao Medio:** teñen unha duración de 3 Ciclos de 2 anos cada un (6 anos en total). Para o acceso non hai límite de idade pero si hai que superar unha proba, que será diferente acorde co Ciclo ou curso no que se queira ingresar e que atende ás aptitudes e coñecementos musicais do interesado. O alumnado que finalice estas ensinanzas **obterá o título de bacharelato** se supera a as materias xerais do bloque de asignaturas troncais da modalidade de Bacharelato que o alumno elixa. Asímesmo poderá simultanear as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria e se establecerán convalidacións con asignaturas optativas de ESO e Bacharelato. **VER VALIDACIÓNS COA ESO E BACHARELATO.**
- **Ensinanzas de Grao Superior:** Teñen unha duración dun só Ciclo de 4 cursos. Para o acceso hai que cumprir os seguintes requisitos: ter o título de Bacharelato ou equivalente e superar unha proba específica para cada especialidade. Se non se ten o bacharelato ou equivalente pódese acceder superando unha proba de acceso en xuño para maiores de 16 anos sobre algunhas materias de bacharelato. Obtense o Título Superior, que equivale a Graduado Universitario.

ESPECIALIDADES:

- **Especialidades nas ensinanzas profesionais:** Acordeón. Arpa. Baixo eléctrico. Canto. Clarinete. Clavecín. Contrabaixo. Fagot. Frauta travesa. Frauta de bico. Gaita. Guitarra. Guitarra eléctrica. Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco. Instrumentos de puga. Óboe. Órgano. Percusión. Piano. Saxofón. Trompa. Trompeta. Trombón. Tuba. Viola. Viola da gamba. Violín. Violoncello.
- **As especialidades do grao superior son:** Composición, Dirección, Producción e Xestión, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía.

Onde se Pode Estudar Música?

- **En Escolas de Música:** Son centros públicos (normalmente de xestión municipal) ou privados que imparten ensinanzas non regradas de música dirixidas a aquelas persoas, sen límite de idade, que desexen unha formación musical. Tamén poden preparar para o acceso a ensinanzas regradas en conservatorios ou en centros autorizados (privados).
- **Conservatorios de Música,** que se clasifican en "Elementais" (imparten o grao elemental), "Profesionais" (imparten o grao Medio) e "Superiores" (imparten só o grao Superior).

CONSERVATORIOS SUPERIORES DE MÚSICA DE GALICIA

- Conservatorio Superior de Música da Coruña
- Conservatorio Superior de Música de Vigo

CONSERVATORIOS PROFESIONALES DE MÚSICA DE GALICIA

A Coruña:

- Conservatorio Profesional de Música da Coruña
- Conservatorio Profesional de Música de Arzúa
- Conservatorio Profesional de Música das Pontes de García Rodríguez
- Conservatorio Profesional de Música de Carballo
- Conservatorio Profesional de Música de Culleredo
- Conservatorio Profesional de Música "Xan Viaño" de Ferrol
- Conservatorio Profesional de Música de Riveira
- Conservatorio Histórico de Santiago de Compostela
- Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

Lugo:

- Conservatorio Profesional de Música "Xoán Montes" de Lugo
- Conservatorio Profesional de Música "Mestre Ibáñez" de Monforte de Lemos
- Conservatorio Elemental e Profesional de Música "Cantiga" de Sarria
- Conservatorio Profesional de Música de Viveiro

Ourense:

- Conservatorio Profesional de Música de Ourense

Pontevedra:

- Conservatorio Profesional de Música da Estrada
- Conservatorio Profesional de Música "Manuel Quiroga" de Pontevedra
- Conservatorio Profesional de Música de Vigo
- Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa